


# Xosé María Díaz Castro




Os Vilares, Guitiriz ( Lugo), 19 de febreiro de 1914 – Lugo, 2 de outubro de 1990

*“A poesía gústame desde empecei a leer e escribir na escola”, confésalle o poeta a Alvariño (Aquilino Iglesia), con quen mantivo unha fonda amizade desde os días do Seminario en Mondoñedo. Os dous forman parte da chamada “Escola Mindoniense”. Tamén foi el quen lle abriu “a porta ó campo da poesía en galego”.*



Xosé María Díaz Castro, por Tori

Xosé María Díaz Castro naceu nun ambiente onde a cultura e a relixiosidade están moi valoradas e vai ser esta circunstancia a que o leve ós 15 anos a ingresar no Seminario de Mondoñedo. Alí toma contacto cos clásicos gregos e latinos ós que, en palabras de Cunqueiro, recita con elocuencia; pero sobre todo descubrirá a súa paixón polas linguas modernas que determinarán a súa profesión durante toda a súa vida e o levarán a escribir ou verter os poemas noutros idiomas, e tamén a traducir os máis sobranceiros escritores en lingua francesa, inglesa e alemá.



En 1931 publica o seu primeiro poema no número de maio da revista tarraconense *Lluvia de Rosas*. É unha poesía confesional, relixiosa, influenciada polos místicos, entre os que sente predilección por Teresiña de Lisieux. Nesta época inicia tamén o tema do nadal e da Virxe. Na súa poesía aparece a muller como meiga, virxe ou Penélope, sempre con predominio da parte relixiosa. Pero o seu máximo expoñente é o poema “Penélope”, célebre pola súa beleza formal e fonda reflexión sobre Galicia e o seu feito histórico.

O ano 1934 vai ser decisivo para a súa poesía, pois influenciado por *Señardá*, libro que o propio autor lle dedica nunha visita a Mondoñedo en 1933, inclínase a escribir en galego e inicia a composición do caderno *Follas verdes*, no que vai empregar un galego coloquial no que a nota predominante será o sentido do humor, o mesmo que o poeta pon na boca de Antón Foxo na *Hoja del lunes* da Coruña, co pseudónimo de Iago ou de Castelo. *Follas verdes* contén unha poesía chea de amargura e soidade, cun aire, como di o propio autor, “humorístico, irónico, de retransca aldeán” e que vai ter o valor de poder estudar a evolución da súa obra. Haberá que esperar á década dos oitenta a que se publique.


## PENÉLOPE

UN PASO adiante i outro atrás, Galiza,  
i a tea dos teus sonos non se move.  
A espranza nos teus ollos se esperguiza.  
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos  
che estrolla o sono mól coma unha uva.  
Pro tí envólveste en sabas de mil anos,  
i en sonos volves a escoitar a chuva.

Tragerán os camiños algún día  
a xente que levaron. Deus é o mesmo.  
Suco vai, suco vén, Xesús María!,  
e toda a cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados coma sono,  
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.  
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.  
Un paso adiante i outro atrás, Galiza!





En 1935 inicia o outro caderno titulado *Follas ó aire*, concibido cunha estrutura en tres partes e temática distinta dos outros libros ou cadernos. Nas dúas primeiras partes, “Perversidade” e “Ceguedade”, usa imaxes-clave a través da noite, a morte e as sombras. Na terceira, “A Aurora”, florece unha natureza chea de vida. Será deste caderno do que dende 1952 mandará máis poemas ó

prelo. É o caso de “Revelación”, “Busquei na praia” que pertence a “Ceguedade”, destacando o poema “Esmeralda”, que logo recollerá en *Nimbos*.

En 1936 abandona o Seminario para realizar o servizo militar en Pontevedra. Durante este período escribe algún poema en galego como “N’o combate”, datado no 1937, que ten a Nai Santa como tema, ou “Balada inútil”, no 1938.

En 1939 remata a milicia e Aquilino Iglesia chámalo para dar clases de idiomas no Colexio León XIII de Vilagarcía do que era director, onde permanecerá ata 1947. Durante este período faise bacharel no Instituto de Pontevedra, o 2 de outubro de 1945, e inicia a elaboración dun terceiro caderno, do que destaca




“Terra e mar” que publica na revista *Cartel* en 1946 e máis tarde en *Nimbos* co título “Ai, Capitán”, que tamén se recollerá na revista *Madrygal*.

Da súa época vilagarcía son tamén os poemas que se publican no xornal *La Noche* durante o ano 1947, por iniciativa de Iglesia Alvariño, e outros que van ser enviados polo autor ás revistas *Sonata Gallega* e *Alba*.

No 1946 gaña os “Juegos florales de Betanzos”, nas modalidades de galego e castelán. El mesmo edita os galegos na imprenta Celta de Vilagarcía, converténdose “Nascida d’un sono. Tríptico à groria das betanceiras” nun dos primeiros poemas publicados en galego despois da guerra. En 1951 o boletín betanceiro Anuario Brigantino inclúeo no seu número 3.



O poeta marcha a Madrid en 1948, pero segue mantendo contacto cos intelectuais galegos, que o instan a que edite a súa poesía. Neste mesmo ano, debido a súa amizade con Celso Emilio Ferreiro, publica en *Sonata Gallega* tres poemas e, a instancias de Ramón González Alegre, director de *Alba*, aparecen nesta revista algunhas das súas poesías máis emblemáticas. Así, no número 3 “Oración polos tolos”, “Penlope” no número 4 e “A Cerna” no número 7.



## Oración pol-os tolos

Nós aínda soñamos e limpámol-as sures.  
Pro eles están solos.  
Van á beira de todo, camiño de ningures.  
Ninguén reza pol-os tolos!



Rompeu-se coma un vidro o que tiñan ganado,  
e quen poderá ígar os cachos da súa vida?  
Xa esquenceron pra qué é a rabela do arado,  
i-o tempo que lles queda é unha bágoa perdida.

Salva, Señor, o sangue que corre en devanío,  
a súa voz sin xeito coma un bater de portas!  
Colle o pucho que vai dando voltas no río.  
Eu ergo a Ti os meus ollos pol-as almiñas tortas!

Canté si eles fuxiran diante o xato marelo!  
Si bicaran nun neno meixela que s'fondel!  
Ai Deus, ten dō dos dedos que apalpan o cuitelo,  
ten dō, Señor, do espello que xa non che responde!



Ai os ollos, meus soles, que ven infernos drento,  
ai qué brazos de ferro dando apertas á escuma!  
Ai abismos cruzados no chao do pensamento,  
fragas fondas da i-alma que ningún lume alumal!

JOSE M.ª DIAZ CASTRO.




En 1955 Francisco Fernández del Riego coñece o poeta a través da lectura da revista *Alba* e, impresionado pola calidade destas composicións, inclúe sete poemas na *Escolma da poesía galega* que publica a editorial Galaxia, cinco deles inéditos.

“Monumento á ausencia” aparece en 1959 en *Ínsula* e logo en *Nimbos*.



No 1961, debido ás presións de Francisco Fernández del Riego, Ricardo Carballo Calero e Ramón Piñeiro, dá ó prelo a súa obra máis importante, *Nimbos*, para a que selecciona 32 poemas. O libro, dividido en sete partes con temática independente, editao Galaxia e imprimeo Peón en Pontevedra. É unha das obras cumes da poesía galega moderna, unha obra de madurez, na que todos os temas teñen cabida e na que o dominio do verso infírelle ó poeta o alcume de mestre indiscutible. No libro aparece un pequeno vocabulario para que todos os termos poéticos foran perfectamente entendibles.





O 4 de novembro de 1973 é nomeado Académico correspondente da Academia Galega, a proposta de Ramón Piñeiro e Domingo García Sabell.

En 1976 Miguel González Garcés publica unha antoloxía bilingüe dos poetas da posguerra: *Poesía gallega de postguerra (1929-1975): antología bilingüe con un estudio de Benito Varela Jácome*. Nela inclúe seis poemas de Díaz Castro que xa saíran en *Nimbos*.

En 1982 sae a edición bilingüe de *Nimbos*, con prólogo e tradución de Carballo Calero, que tiña devoción por esta obra, da que comenta que contén unha poesía existencialista que presenta a vida


rural a través dun mundo filosófico e con transcendencia relixiosa. Cunha tirada de 3.000 exemplares, esta edición suporá un relanzamento da obra de Díaz Castro.



No 1983 comeza o envío dunha serie de poemas á revista *Dorna*, os que el considera antigos e inéditos. Saen “O vento entre as canas” e “Rolando”, que xa antes tiña sido publicado como Rolando, e “Maria ven sei”, que traducira na súa época de Vilagarcía. En 1991, con motivo do seu pasamento, a revista dedícalle un número monográfico.



No 1984 Díaz Castro regresa a Galicia e participa na vida cultural galega, vinculándose estreitamente á Asociación “Xérmolos de Guitiriz”. En 1987 a asociación pensa que Galicia ten unha débeda con Díaz Castro e organízalle unha homenaxe para conmemorar, cun ano de retraso, os 25 anos da publicación de *Nimbos*. Froito desta iniciativa foi a publicación dun libro no que participaron os intelectuais galegos máis sobranceiros: Manuel María, Alonso Montero, González Tosar, Carmen A. Blanco, Méndez Ferrín... O acto de presentación que se fixo o ano seguinte en Santiago tivo como anfitrións a Manuel María e Ricardo Carballo Calero.




Xosé María Díaz Castro, un dos lectores máis frecuentes da Biblioteca de Xérmolos. (Foto Berete)

En decembro de 1987 o Seminario de Mondoñedo dedícalle unha conferencia, a cargo do poeta Manuel María, e a Asociación “Xérmolos” presenta no mes de xaneiro de 1988, no Círculo de Bellas Artes de Lugo, un vídeo sobre a vida e obra do escritor, titulado *Xosé María Díaz Castro, Nimbos de poesía*, acto introducido por Xulio Xiz Ramíl.



"Xosé María Díaz Castro. Nimbos de poesía" é un vídeo producido por Ophiusa, que foi presentado en Lugo, no Círculo das Artes (decembro de 1987) nun acto organizado por Xermolós e presidido por representantes da Cultura e varios escritores". (Foto Peinó)

No 1990 morre Xosé María Díaz Castro e iníciase unha serie de conmemoracións en recordo do poeta, con actos culturais, publicacións de números monográficos de revistas e novas edicións dos poemas.



### In memoriam Xosé María Díaz Castro

XESÚS TORRES REGUEIRO\*

*Lémbrome ben do vento que cantara  
no fío da tua morte, meu amigo,  
dos días que arrastou o vento  
da derradeira pomba da esperanza.*

**B**en que sentín non poder asistir o pasado día dous de outubro a darlle o derradeiro adeus en San Xoán de Lagostelle de Guitiriz a Xosé María Díaz Castro. O grande poeta galego fíxenos amodiño e sen molestar a ningún, tal como vivira.


*Quero morrer de música nunha tarde de pinos  
sin sentir o marelo dun recordo no sangue  
e coeme amodiño na sombra como a lúa  
oscura as súas cousas tras de Arxán*

O pasamento de Xosé María non tivo a resonancia de que era merecente a súa persoa e a súa personalidade poética. Non era un "persoeiro da cultura", deses que tanto abundan sen que se saiban moi ben os seus presuntos méritos, nin tampouco era un escritor dos que adoitan interesar ós medios de comunicación ou buscan desesperadamente un eco neles tentando un fuxido e mísero protagonismo.

*Hai unha cousa crara como o sol:  
prós nosos ollos non está feia a luz  
do mundo, o abrense frío que se abreña  
cando abrimos os ollos sobre mundo.*

Porén, resulta certamente desalentador para os que amamos a nosa cultura e a Poesía, comprobar como a morte en accidente –o mesmo día ca de Xosé María– do príncipe consorte dun país inexistente pode merecer para uns xornais que se din galegos o dobre ou o triple do espacio que

\* Xesús Torres Regueiro é betanceiro, profesor de Ensino Xeral Básico e investigador de temas históricos dos s. XIX e XX.




Díaz Castro nunha fotografía publicada no Anuario Brigantino 1948.


lle dedicaron ó pasamento dun poeta galego de calidade recoñecida e incuestionable. A ignorancia e o descoñecemento sobre a cultura e todo o noso produce estas cousas.

Xosé María Díaz Castro nacera na parroquia dos Vilares do entón concello de





5




En 1995 Alfonso Blanco Torrado recibe o premio literario “Ánxel Fole” pola realización dun estudo profundo sobre a obra de Díaz Castro que leva o título de *Díaz Castro, a Ascensión d’un poeta*.

En 1997 aparece unha versión trilingüe de *Nimbos*, publicada en Valencia, e coa colaboración da Xunta de Galicia, e a revista *Madrygal* recolle os poemas que Díaz Castro publicara na revista *Cartel*.

En 1998 Armando Requeixo, autor dunha tese de doutoramento sobre o poeta hai pouco publicada, inclúe no seu estudo sobre os escritores mindonienses.

O sentido da morte para Díaz Castro, da que nos fala no seu caderno *Follas ó aire*, pódese identificar, como dí Segundo L. Pérez en *A Ferida da Beleza*, coa de Verlaine no seu poema “Muerte”: “Non é o fracaso da noite, senón a morte aberta ó horizonte”.



2

Ana Barbazán Iglesias  
Bibliotecaria